

INTRODUCCIÓN DO MÉTODO

ABN

NO CENTRO

ABN ou Algoritmos Abertos Baseados no Número, foi a temática escollida neste curso, por parte deste grupo de traballo de 30 horas, coa intención de renovar e mellorar a nosa práctica docente. A finalidade deste traballo é establecer unha proposta de actuación, para desenvolver a metodoloxía ABN nas aulas de infantil e 1º de primaria do C.E.I.P Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo.

Dita tarefa foi levada a cabo ao longo do curso 2018/ 19, por un grupo de 8 mestras de infantil e primaria, cunha meta dirixida á consecución dos seguintes **obxectivos**:

- Coñecer a metodoloxía ABN e profundizar nos seus contidos
- Establecer unha secuencia de aprendizaxe lóxica e continuada nos cursos especificados
- Propoñer unha secuencia coherente de contidos e actividades adaptadas para a súa consecución
- Organizar ou elaborar o material necesario para desenvolver os contidos e as aprendizaxes establecidas
- Mellorar a práctica docente.

Como base da nosa formación traballamos coa bibliografía do creador do método Jaime Montero e cos recursos webs dispoñibles en: Actiludis, canle de youtube de Concepción Bonilla e grupos específicos do método nas redes sociais.

Toda esta información cobrou maior sentido e consistencia coa formación externa levada a cabo pola ponente M^a Ángeles; iniciándonos xa, nunha proposta con fundamento e nunhas liñas de traballo reais a desenvolver: contidos, actividades e materiais específicos para as nosas aulas.

Unha vez estudado e analizado o método, consideramos que a proposta de traballo que pretendemos levar a cabo na nosa práctica de aula, será a seguinte:

PROPOSTA PARA IMPLEMENTAR A METODOLOXÍA ABN EN INFANTIL E PRIMARIA NO CEIP ÁLVARO CUNQUEIRO.

Os **obxectivos a traballar** serán:

- ❖ Aplicar a cadea numérica correctamente
- ❖ Traballar dun xeito práctico os cuantificadores
- ❖ Traballar o número con diversos patróns numéricos
- ❖ Establecer patróns físicos numéricos con e sen significado
- ❖ Contar obxectos e sucesos na vida cotiá
- ❖ Usar o número para resolver situacións na vida práctica
- ❖ Buscar e crear conxuntos
- ❖ Ordenar e encadear conxuntos
- ❖ Traballar os cuantificadores na realidade
- ❖ Resolver problemas coa recta numérica
- ❖ Iniciar o proceso da retrocuenta
- ❖ Subitizar e estimar con diversas configuracións numéricas
- ❖ Iniciarse na decena
- ❖ Levar a cabo repartos regulares e irregulares

- ❖ Ordenar e comparar cantidades
- ❖ Representar graficamente os números
- ❖ Levar a cabo operación e tarefas na táboa do 100
- ❖ Iniciarse no calculo de cantidades con operacións matemáticas (sumar, restar)

Para lograr estes obxectivos, traballaremos na aula dun xeito adaptado os seguintes **contidos**:

- Busca de conxuntos equivalentes: emparellamento, busca e creación.
- Establecemento de patróns físicos: referentes comúns con significados e sen significado.
- Ordenación de patróns: equivalencias, busca e encadeamento.
- Diversidade de aparencias en patróns numéricos: dados, mans, cartas, perchas, decicubos.
- Aplicación da cadea numérica: conteo, recta numérica, subitización, descomposición e resolución de problemas sinxelos.
- Establecer patróns físicos: con significado (corpo e cotiáns) e sen significado (mans, dado, número)

Todos estes contidos se traballarán dun xeito secuenciado ao longo da etapa de infantil, continuando o traballo do método dun xeito manipulativo e sen rejillas no 1º curso da etapa de primaria.

A **secuenciación** será a seguinte:


NIVEL 3 ANOS

1. Cuantificadores: moito/ pouco , máis que/ menos que




2. Equivalencias: emparellar, buscar e crear

3. Conteo con: contos, poemas e xogos...








4. Serie numérica: recta, ordenacións, quebracabezas numéricos, retrocuenta...



NIVEL 4 ANOS

1. Conteo: recta numérica individual y alfombra, tarxetas de cantidades,cometas...



2. Recta numérica: cuenta e retrocuenta, pares e impares, ordinais, vecinos...






3. Iniciar as familias e conteo ata 30



4. Subitización do 1 ao 6



5. Decena





6. Repartos regular e irregular: reparto, igualación e ordenación

NIVEL 5 ANOS e 1º primaria


1. Conteo: pares, impares. De 5 en 5, iniciarse nos símbolos







2. Retrocuenta: lectura, adiviña e recitado oral.



3. Cadea numérica fase 4 e 5.
4. Taboa do 100: familias e pandillas .


0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26	27	28	29
30	31	32	33	34	35	36	37	38	39
40	41	42	43	44	45	46	47	48	49
50	51	52	53	54	55	56	57	58	59
60	61	62	63	64	65	66	67	68	69
70	71	72	73	74	75	76	77	78	79
80	81	82	83	84	85	86	87	88	89
90	91	92	93	94	95	96	97	98	99



5. Subitización ata 12: secuencias Actiludis.

6. Sinexias.

7. Composición/ descomposición de cantidades.



8. Repartos regular e irregular: reparto, igualación e ordenación.

9. Suma: complementarios/ amigos do 10 , palillos e símbolos.



10. Resta: palillos, obxectos, símbolos.




11. Problemas: cambio, combinación, comparación e igualación.

CONTINUIDADE EN 1º Ed. Primaria

O obxectivo será reforzar as adquisicións levadas a cabo na etapa infantil e fortalecer a abstracción numérica e o conteo. Ademais traballaremos dun xeito máis complicado a táboa do 100, as operacións e as cantidades, traballándose estas últimas con moedas.

Adxuntamos imaxes de actividades e materiais, cos que se reforzarán e asentarán as adquisicións iniciadas na anterior etapa.









Conclusións:

Para concluír esta tarefa, gustaríanos reseñar a importancia desta formación na nosa práctica docente. Afondar no método ABN é unha necesidade, para promover actividades do método con sentido e significatividade.

Unha vez coñecida a metodoloxía, destacamos a súa produtividade no desenvolvemento dos contidos e o sentido que cobran os mesmos na vida diaria; dun xeito práctico e divertido.

Grazas a esta formación, organizamos e secuenciamos os contidos a traballar na etapa de infantil e a súa continuidade na seguinte etapa. Estipulando as actividades para o seu traballo diario e elaborando os materiais necesarios, para a posta en práctica. Un traballo que continuará na nosa práctica docente e na formación dos nosos nenos os vindeiros cursos.

Bibliografía:

Martínez Montero, J., y Sánchez Cortés, C. (2013). Resolución de problemas y cálculo ABN. Madrid: Wolters Kluwer.

Martínez Montero, J. (2011). El método de cálculo abierto basado en números (ABN) como alternativa de futuro respecto a los métodos tradicionales cerrados basados en cifras (CBC). Bordón, 63 (4). Pp. 95-110.

Martínez Montero, J., y Sánchez Cortés, C. (2011). Desarrollo y mejora de la inteligencia matemática en la Educación Infantil. Madrid: Wolters Kluwer.

Martínez Montero, J. (2010). Enseñar matemáticas a alumnos con necesidades educativas especiales. Madrid: Wolters Kluwer

- Canle Youtube Concepción Bonilla

- Redes sociais Facebook Cálculo ABN
- www.actiludis.com
- www.orientacionandujar.com
- www.auladelamaestralaura.blogspot.com
- www.rincondeunamaestra.blogspot.com